INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

INTRODUCIÓN

O Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) foi fundado en novembro de 2015 na palleira da casa de Laxe, aldea de Chorexe, concello de Palas de Rei (Lugo). Foi presentado aos medios de comunicación o 27 de marzo de 2016 nun acto celebrado no parladoiro de Arqueixal, aldea de Santiago de Albá, Palas de Rei.

Obxectivo: o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio cultural da Ulloa.

Área de actuación: comarca da Ulloa, constituída polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Sede social: Praza do conselleiro Fernando Salgado, 2. 27560 Monterroso (Lugo).

Comunicación:
Web: www.ieu.gal
Redes sociais: es-es.facebook.com/ieulloa/

Contacto:
email: institutoulloa@gmail.com
tfno: 625022709

Socios:
Socios numerarios: 139.
Socios institucionais: Concello de Monterroso e Concello de Palas de Rei.
Socios protectores: empresas Campomayor, Jimsports, Gadisa e Hotel Balneario Oca Río Pambre.
Socio honorario: Xesús Alonso Montero.

XUNTA DE GOBERNO ACTUAL (6/12/2019 – 19/5/2023)		
CARGO	**NOME**	**Concello**
Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	Palas de Rei
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	Monterroso
Secretaria	Hilda García Cabanas	Antas de Ulla
Administrador	Xosé Luís Santiso García	Antas de Ulla
Vogal nº 1	Braulio Vilariño Varela	Palas de Rei
Vogal nº 2	María José Gómez Alvite	Palas de rei
Vogal nº 3	Xurxo Mouriño Lourido	Antas de Ulla

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Praza do conselleiro Fernando Salgado nº 2
Monterroso, 27560 Lugo
www.ieu.gal
institutoulloa@gmail.com

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO IEU EN 2020 SEGUNDO AS SECCIÓNS:

Debido á COVID-19 non foi posible desenvolver completamente o programa de actividades 2020, véndose reducidas as actividades programadas na maior parte das seccións.

HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

-Investigación sobre o *Tesouro de Antas* (conxunto de espirais de prata prehistóricas) coordinada por Hilda García Cabanas en colaboración con Beatriz Comendador, profesora da Universidade de Vigo. Setembro 2020.

-Promoción do *Camiño Santo* nos medios. *El Progreso* (21/09/2020) e RTVG (23/10/2020).

-"Monterroso, a vila das Feiras". Comunicado conxunto do Concello de Monterroso e do IEU. Novembro 2020.

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS, GASTRONOMÍA

-Cursiño de acuarela ao aire libre. Impartido polo pintor vasco José Manuel Méndez na Área Recreativa da Penela (Monterroso) o sábado 1 de agosto.

-"Propostas fotográficas". Certame de fotografía dirixido a mulleres vencelladas á comarca da Ulloa, coordinado pola fotógrafa Patricia Coucheiro. Maio-xuño 2020.

CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

-Adhesión ao Manifesto das asociacions da Ulloa contra as batidas de raposos na Ulloa e contra. Febreiro 2020.

-Solicitude ao Concello de Antas de Ulla para que dedique unha rúa da vila á científica de orixe seoanés Marisol Soengas como recoñecemento ao seu labor científico de prestixio internacional. (20 de xullo de 2020).

-Alegacións ao proxecto Parque Eólico Maxal, presentadas por Xurxo Mouriño e Cristina Varela en representación do IEU na Consellería de industria e Comercio da Xunta de Galicia (26 de xullo de 2020).

-Excursións botánicas para o estudo da flora da Ulloa organizadas polo biólogo Xurxo Mouriño en 2020:

-1ª exc.: 15 de febreiro. Río Ulla na Peneda (Antas de Ulla e Monterroso) e Río Ferreira augas abaixo Pena de Merla (Palas de Rei).
-2ª exc.: 2 de agosto. Flora amezada na carballeira de Lebesende (Queixeiro, Antas de Ulla).
-3ª exc.: 16 de agosto. Pola ribeira do Ulla na procura de *Scrophularia herminii* Vilapoupre (Antas de Ulla) e Pedraza (Monterroso).
-4ª exc.: 30 de agosto. Brañas da Serra do Careón. Merlán, Moreda e Cuíña (Palas de Rei).
-5ª exc.: 13 de setembro. *Aster aragonensis, Seseli montanum* e outras plantas raras nas serpentinas do Monte de Basadre (Ramil, Palas de Rei).
-6ª exc.: 17 de outubro. Monte de Trascastro (Penas e Novelúa, Monterroso).

XEOGRAFIA, ARQUITECTURA, URBANISMO, PAISAXISMO

-Solicitude ao Concello de Antas de Ulla da protección e posible adquisición dos terreos nos que se localiza o Centro Xeográfico de Galicia, considerando a relevancia deste enclave que foi localizado polo IGN a instancia do IEU. (Febreiro de 2020).

-Solicitude á Deputación Provincial de Lugo para que estude e valore a proposta do IEU sobre a protección e posible adquisición dos terreos nos que se localiza o Centro Xeográfico de Galicia

-Solicitude á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para a incoación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dun procedemento de declaración do Centro Xeográfico de Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de paisaxe cultural. (Febreiro de 2020).

BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

-Ampliación dos fondos da *Biblioteca da Ulloa*.

EXPOSICIÓNS

- Sala de exposicións do castelo de Pambre (sala 1):

Na sala de exposicións do castelo de Pambre, cedida polo concello de Palas de Rei, o IEU organizou tres exposicións comisariadas por Braulio Vilariño:

-Ata o 26 de xaneiro 2020: "Só paisaxes, sós", exposición de pintura de Kukas.
-8 de febreiro ao 30 de maio 2020: "Pintor no taller", exposición de pintura de Correa Corredoira.
-28 de xullo ao 1 outubro 2020: "Camiños que se pechan", exposición de fotografía de Patricia Coucheiro.

As dúas primeiras exposicións foron subvencionadas por *O Teu Xacobeo*. Contouse ademais coa colaboración do Hotel Balneario Oca Río Pambre nas inauguracións.
.

- Sala de exposicións do castelo de Pambre (sala 2):

Na sala 2 organizáronse, comisariadas por Braulio Vilariño, tres exposicións:

-1 de febreiro ao 30 de marzo 2020: "Semblanzas", exposición de pintura de A neta do Camilo.
-11 de agosto ao 19 de setembro 2020: "Paisaxes de Antas de Ulla", exposición de pintura de Andrés González Shuttleworth.
-29 de setembro ao 14 de novembro: "As horas. Fotografía da Ulloa", exposición de fotografía de Aberto P. García.

VISITAS GUIADAS

-17 de xullo. Visita ao castelo de Pambre guiada por Francisco Pardo, coa intervención do poeta Toño Núñez e a lectura do texto de Fernando García Penas "Benvida á Torre de Pambre"

MUSEO DA ULLOA

-Aceptación na Asemblea Xeral Extraordinaria do 26 de setembro de 2020 da doazón de D. Carlos Méndez Vázquez das súas coleccións museísticas.

-Aceptación da creación do complexo museístico de Monterroso, constituído por un Centro de Interpretación das Feiras e polo Museo Carlos Méndez, en cotitularidade do Concello de Monterroso.

-Catalogación das coleccións museísticas doadas ao IEU polo historiador D. Carlos Méndez Vázquez.

-Creación dunha comisión de xestión do Museo de Monterroso, integrada no organigrama do IEU.

PRESENCIA EN FESTAS E FEIRAS COMARCAIS

-Participación con outras asociacións culturais na marcha nocturna por un rural seguro e vivo “Monterroso en Compaña”. 27 decembro.

- En 2020 foron canceladas, debido á COVID, a Feira do Libro de Monterroso, a Feira dos queixos e a Feira dos Bicos, feiras na que IEU instala todos os anos o seu stand.

LABOR EDITORIAL

- Publicación do 4º número de ***CAIRÓN.*** *Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*.

Revista dirixida polo xornalista Daniel Salgado. Conta cos seguintes artigos:

-Editorial. Por Daniel Salgado.
-Actualidade
- “A Eira da Xoana” Autora: Adela Figueroa
-Patrimonio
- “As vías de comunicación na bisbarra da Ulloa. Autora: María José Gómez Alvite
- “Achegas á simboloxía do románico de Románico de Antas de Ulla Autor: Xosé Lois García
- “Flora da Ulloa: historia e análise do coñecemento botánico dispoñíbel”.Autor: Xurxo Mouriño
-Persoeiros
-“Persoeiros do Castelo de Pambre (II)” Autor: Francisco Pardo Teijeiro.
-“Os tres primeiros alcaldes franquistas de Monterroso. O convulso procedemento dos gobernadores civís para configurar corporacións municipais leais aos sublevados”.Autor: Fernando Salgado
-Historias
-“A Ulloa setetrional vista cos ollos dun erudito do século XIX.
- “Recuerdos de viaje por Galicia, de José María Gil Rey”.Autor: Jesús Otero Pereiras.
-“Diáspora e retorno na Galicia interior. O caso de Antas de Ulla”.Autor: Francisco Armas Quintá
-Creación
-“Benvida á Torre de Pambre”.Autor: Fernando García Penas
-“Poemas”. Autor: Paco Ledo.

- Presentacións do 4º número de *CAIRÓN*:

- O 4 de xullo: Na sede do IEU en Monterroso, presentado por Daniel Salgado (director de Cairón), Fernando Salgado (xornalista) e Francisco Pardo (director do IEU).
- O 17 de xullo: No castelo de Pambre (Palas de Rei), presentado por Pablo Taboada (alcalde de Palas de Rei), Fernando Pensado (exalcalde de Palas), Francisco Pardo (director do IEU) e Braulio Vilariño (coordinador de exposicións do IEU).

- O 18 de xullo: Na Igrexa vella de Antas de Ulla, presentado por Javier Diéguez (párroco de Antas de Ulla), Pilar García Porto (Deputada provincial e Delegada de Turismo da Deputación de Lugo) , Xurxo Mouriño (biólogo) e Xosé Lois García (escritor e historiador).

- Deseño e publicación de carteis e dípticos:

Deseñados por Azucena Souto:

-"Só paisaxes, sós", exposición de Kukas.
- "Pintor no taller", exposición de Correa Corredoira.
-"Semblanzas", exposición de A neta do Camilo.
- "As horas. Fotografía da Ulloa", exposición de Aberto P. García.

Deseñados por Patricia Coucheiro:

-"Camiños que se pechan", exposición de Patricia Coucheiro.
-"Paisaxes de Antas de Ulla", exposición de Andrés González Shuttleworth.

A Ulloa, 10 de xaneiro de 2021